



CONCELLO DE GUITIRIZ

Reunidos de xeito telemático 22 de febreiro do 2021, arredor do cento sete natalicio do autor de *Nimbos*, o xurado do V Premio Xosé María Díaz Castro de Poesía, logo da pertinente deliberación, decidiu conceder o galardón, por unanimidade, ao orixinal presentado baixo o título *Coma o ruído que fan as portas das igrexas ao pecharse* que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de

PABLO BOUZA SUÁREZ

No poemario gañador o xurado, composto por Ánxela Rodríguez Rodríguez (como vogal), Miguel Anxo Fernán Vello (en calidade de presidente), Armando Requeixo (vogal) e Marisol Morandeira (secretaria, con voz e sen voto), estimou a diáfana construción poemática dun conxunto que se enleva dende a transparencia da voz, a forza das imaxes e a sonoridade da arquitectura dos períodos e das estrofas. Tamén si, salientou a habelencia á hora de incorporar ao discurso propio referentes da mellor tradición universal, dende Valente ata Carver pasando por Wilde ou Schopenhauer, para orquestrar un poemario que flúe coma un río vagaroso e caudal na súa exemplar e epifánica contención.

O xurado quixo salientar, así mesmo, a calidade dos traballos presentados a concurso, que evidencian o estado de magnífica saúde da nosa poesía e a simpatía coa que, dende as primeiras convocatorias, está a ser acollido o premio que leva o nome do máis insigne poeta de Guitiriz e que, polo mesmo, é o seu mellor embaixador.

Asinan a presente acta, no día arriba amentado, os membros do xurado

Miguel Anxo Fernán Vello
Presidente

Ánxela Rodríguez Rodríguez
Vogal

Armando Requeixo
Vogal

Marisol Morandeira
Secretaria